

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 08/11/2014.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a María Amparo Calvo González.
D^a Ana Belén Breijó Gundín.
D^a María del Carmen García Pérez.
D. Fernando Márquez Hermida.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.

Concelleira ausente:

D^a Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día oito de novembro de dous mil catorce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día seis de setembro do presente ano dous mil catorce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

SEGUNDO. CONVALIDACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

Dase conta pola Alcaldía da aprobación inicial do texto de que se trata por parte da Xunta de Goberno á vista da urxencia do asunto, e da necesidade de convalidación por parte do Pleno, que é o titular da competencia. Infórmase tamén da corrección de dous

pequenos erros materiais no texto aprobado, que se correxirán antes da publicación do texto íntegro do regulamento.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Interven o Sr. Márquez, para dicir que todas as escolas infantís necesitan un regulamento de funcionamento, pero que no presente caso, discrepa coa decisión de privatizar a xestión, porque o propio grupo de goberno critica duramente ás outras administracións que fan este mesmo tipo de privatizacións. Sendo de esquerdas, non se pode caer nos mesmos comportamentos que se critican na dereita. En canto ós prezos, di que xa propuso unha rebaixa e que os considera excesivos e ademáis non se adaptan ós niveis de renda das familias.

O Sr. Soto di que o dito polo Sr. Márquez é demagogia, o mesmo que en plenos anteriores, e que ou non sabe de qué vai o tema ou pretende trasladar a idea de que se privatiza o servizo, pero o certo é que esta forma de xestión e a única posible para prestar este servizo, ou se fai así ou non se fai, xa que a lexislación estatal non permite contratar persoal para unha xestión directa; non sabe se o PSOE fixo ou non o suficiente por evitar que se implantara esta normativa. Por outra banda, a oferta da empresa proposta como adjudicataria inclúe unha rebaixa das tarifas.

O Sr. Márquez di que viu a baixa ofertada e non é significativa, xa que por cada neno a xornada completa con almorzo, unha familia terá que pagar 323 euros, e pensa que a maioría das familias non poderán facer fronte a este gasto.

O Sr. Alcalde fala de seguido para lamentar que ninguén fixese referencia ó Regulamento da escola infantil, que é o tema de importancia que se debate, e indica que os prezos veñen dados polo estudo de viabilidade, polo que con prezos máis baixos non se podería manter en funcionamento a escola, xa que a Xunta rexeitou facerse cargo dela. Di tamén que se trata dun recurso para a conciliación da vida laboral e familiar, polo que os usuarios principais non serán os parados. Di de seguido que o BNG non privatizou nada, que comezou o PSOE e continuou o PP de Aznar, e falando deste Concello, o PSOE, cando gobernaba no 88, implantou a recollida de lixo cun modelo de xestión privatizado.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres abstencións, dos dous concelleiros presentes do PP e o do PSOE, acorda convalidar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello, na súa sesión do 01/10/14, de aprobación do regulamento para o funcionamento da escola infantil municipal, ordeando a continuación dos trámites necesarios para a súa posta en aplicación coa brevidade posible.

TERCEIRO. TOMA DE COÑECEMENTO SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES Ó TERCEIRO TRIMESTRE DE 2014.

De orde do Sr. Alcalde, dase lectura polo Secretario dun informe emitido polo Tesoureiro do Concello, datado o 01/10/14 e que literalmente di o seguinte:

*"Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.
Terceiro trimestre de 2014.*

I.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

II.- CONSIDERACIÓNS:

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art. 1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, de trinta días, vixente a partir do inicio do pasado ano 2013.

Polo referido ó terceiro trimestre da presente anualidade 2014, a totalidade dos pagos de obrigacións desta entidade local correspondentes a facturas ou certificacións presentadas entre os días 1 de xullo e 30 de setembro de 2014 realizáronse cumprindo os prazos previstos na Lei 15/2010, contados dende a data da alta de cada factura no rexistro municipal de facturas. En consecuencia, na data do presente informe, e segundo a documentación existente nas dependencias deste Concello, salvo erro o u omisión, non consta a existencia de pagos pendentes ou realizados fora dos prazos previstos na Lei 15/2010 correspondentes a obrigas que reúnan a totalidade dos requisitos legalmente establecidos, no expresado periodo do segundo trimestre do presente ano 2014.

III.- CONCLUSIÓN

É canto se debe informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se dea traslado do presente informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

- Que se de conta ó Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010."

A Corporación queda enterada do contido dese informe.

CUARTO. ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 31 DE OUTUBRO DE 2014.

Por parte do Secretario-Interventor explícase brevemente que neste momento non resulta posible dispor dun estado de execución completamente actualizado, debido a varias causas, de entre as que destaca a implantación hai poucos meses, dunha nova aplicación informática para a contabilidade municipal. Indica tamén que, non obstante, o rexistro de facturas está actualizado, o que permite controlar o nivel de execución da maioría das partidas de gasto.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Soto interven para manifestar a súa sorpresa polo feito de que a oposición non teña nada que dicir en relación con esta falla de información, a pesar de que foi solicitada varias veces, incluso por escrito, xa que iso obriga a administrar case a cegas. Di que alguén non está a facer o seu traballo, pode que comezando por el mesmo, pero que desde o punto de vista técnico desenténdese de toda responsabilidade, e solicita que se elabore un informe por Secretaría-Intervención, antes do próximo Pleno, explicando os motivos polos que non se transmite información actualizada sobre execución orzamentaria, xa que tanto a cidadanía como a oposición teñen dereito a coñecer eses datos.

O Sr. Márquez interven para dicir que parece que o grupo de goberno non se entera de nada, que se non saben en que gastar os cartos sería mellor que marcharan para casa, e que cando se goberna hai que ter un pouco máis de seriedade.

O Sr. Alcalde di que non se pode facilitar unha información que no se ten, e que como representantes da soberanía popular, teñen a obriga de informar á cidadanía, o que no se pode facer sen os datos de que se trata, ademáis de que teñen que executar o presuposto sen saber cal é o ritmo de realización dos ingresos. Engade que o cambio da aplicación informática afectou a tódolos concellos e outros están ó día.

O Sr. Soto insiste en que non sabe se o problema se debe a deficiencias na xestión ou á falla de traballo de alguén, e que por iso solicítase o informe de Secretaría-Intervención.

Finalmente, o Sr. Varela puntualiza que queren transparencia en tódolos ámbitos, e que o que está pasando non pode ser, polo que alguén terá a culpa.

QUINTO. AMPLIACIÓN DO PRAZO DE REINTEGRO DOS SALDOS DEBEDORES A FAVOR DA FACENDA DO ESTADO DERIVADOS DAS LIQUIDACIÓNS DEFINITIVAS DA PARTICIPACIÓN EN TRIBUTOS DO ESTADO DOS EXERCICIOS 2008 E 2009.

Dase conta polo Sr. Soto da proposta do grupo de goberno, de ampliación en 120 mensualidades máis do prazo de reintegro dos saldos debedores a favor da Facenda estatal derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado dos exercicios 2008 e 2009, indicando as cantidades adebedadas polo Concello nesta data, en

uso da facultade comunicada mediante nota informativa remitida pola Subdirección Xeral de estudos e financiación de entidades locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre a aplicación da Disposición Adicional única do Real Decreto-Lei 12/2014.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aceptar a proposta do grupo de goberno.

SEXTO. MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á REGULACIÓN DA VENDA DIRECTA.

Dase conta polo Sr. Varela dunha moción do grupo do BNG para apoiar a comercialización de proximidade, pola que di que o Concello ven apostando dende hai anos con actividades como a Feira rural ou a da plantación, presentada no rexistro con data do 03/11/14, e le seguidamente esa moción, que literalmente di o seguinte:

“Exposición de motivos

O pasado mes de setembro publicouse o Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final. Este decreto entende por venda directa a que se realiza na casa, en mercados e feiras e en tendas minoristas, que vendan directamente ao consumo final, agás os ovos e establece unha serie de requisitos para poderen realizar esa venda.

Desde o BNG sempre defendemos que se prestixien os nosos produtos primarios como de calidade e que cumpren coas garantías de salubridade. Igualmente xulgamos que se debe facilitar desde os poderes públicos a súa comercialización en circuítos curtos e de proximidade para garantirlles o máximo beneficio aos e ás produtoras e que a actividade agrícola, a súa transformación e comercialización sexa un elemento de produción de alimentos, de creación de emprego e de dinamización económica.

Porén, este decreto, sen outras medidas que acompañen o desenvolvemento da venda de proximidade e o apoio aos e ás produtoras non vai ter ese efecto dinamizador. De feito, é evidente que non ten como obxectivo relanzar feiras e mercados nin serve para incorporar novas persoas a esta actividade. O articulado do decreto non garante a produción nin fomenta a dedicación de persoas a este tipo de actividade. Por iso, o BNG considera imprescindible desenvolver iniciativas que incidan no apoio á comercialización de proximidade (feiras, mercados periódicos de alimentos producidos no contorno tanto en cidades como vilas, degustacións, etc), ás de venda na propia explotación ou on line, e que teñan como obxectivo a promoción deste tipo de comercialización.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG neste concello propón adoptar os seguintes

ACORDOS

- 1.- Solicitar do Goberno Galego que, en diálogo co sector, aprobe unha serie de actuacións específicas en diversos ámbitos para dinamizar a venda de proximidade, garantir as mellores condicións de traballo para as persoas produtoras e conseguir unha produción respectuosa co ambiente e a saúde. Entre estas cuestións, están introducir alimentos producidos nas explotacións galegas nos menús dos centros públicos (escolares, hospitais, etc), facilitar base territorial ás persoas que a demandaren para a produción de alimentos e establecer medidas de cotas á seguridade social reducidas e adaptadas a este tipo de actividade produtiva, e o mesmo en relación coa súa fiscalidade, Cómpre tamén establecer liñas de axuda para que a introdución de elementos de identificación e a introdución de guías de boas prácticas non sexa un gasto engadido ás producións.
- 2.- Solicitar do Goberno Galego que impulse unha marca de calidade que ampare e identifique os produtos da horta galega, que acadaren os requirimentos de calidade definidos en consenso co sector.
- 3.- Solicitar do Goberno galego que se abra un diálogo constante co sector coa participación de sindicatos, organizacións agrarias, asociacións de produtores/as, produción ecolóxica, para impulsar medidas que partan do consenso e que realmente dinamicen un sector vital para a economía galega."

O Sr. López Loureiro interven para presentar unha emenda por parte do grupo do PP, que seguidamente le e que li teralmente di:

"Emenda transaccional: Nos tres acordos nos que se di "Solicitar do Goberno Galego" debería engadir a continuación a frase "que continúe cos traballos a prol de".

Punto 1

- Sobre as actuacións para dinamizar a venda de proximidade, cabe sinalar que a Consellería do Medio Rural e do Mar publicou xa o Decreto regulador que entrou en vigor o pasado luns 20 de outubro, polo que chegan tarde con esta petición.
- Sobre garantir as mellores condicións de traballo, a Xunta xa promove que as condicións de traballo sexan favorables en todos os ámbitos, impulsando mediante axudas ás explotacións que os agricultores e gandeiros traballen nas mellores condicións:
 - Destacar a inxección orzamentaria de máis de 36'4M€ para a mellora delas.
 - Se potencia o asesoramento técnico con máis de 11'7M€ investidos nesa faceta.Solicitan unha produción respectuosa co ambiente e a saúde que xa está na orde do día e que está penalizado non facelo.

Punto 2

Xa temos unha marca de calidade, con logotipo que se denomina "Nosa Horta". Está creada e estase traballando para poñela en funcionamento.

Punto 3

Solicitan que se abra un diálogo constante e de novo chegan tarde porque a Consellería do Medio Rural e do Mar está en contacto cada día co sector."

O Sr. Varela di que o de que se continúe por parte da Xunta cunha actividade que aínda non comezou máis que para o mel, e debido ás presións do sector, non lle parece aceptable.

O Sr. Márquez di que a Administración debe axilizar e simplificar o comercio de proximidade, que existe dende sempre e agora vai a menos, e que hai que potenciar ese comercio, que en tempos serviu a moitas familias para poder sobrevivir.

O Sr. Alcalde remata decindo que non é un tema menor, que se trata dun sector estratéxico que precisa regulación para que se poida vivir del.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dous votos contrarios, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

URXENCIA. Antes de pasar ó noveno e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado nos artigos 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 26-6 do Regulamento orgánico e de funcionamento do Concello, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

O propio Sr. Alcalde propón ó Pleno a inclusión dun asunto urxente, a elección dunha persoa representante do Concello para formar parte do consello escolar do CPI, xustificando a urxencia do asunto en que a solicitude procedente do centro tivo entrada no Concello con posterioridade á convocatoria da presente sesión, e o acordo debe comunicarse antes do 28/11/14.

Sometida de seguido a votación ordinaria a urxencia da moción, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda considerar a moción urxente, ordenado que ser pase de seguido ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR DO C.P.I. SAN SADURNIÑO.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para propoñer á Corporación que o representante do Concello no consello escolar do CPI San Sadurniño continúe sendo, como ata agora, o concelleiro do BNG Jesús Soto Vivero.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda designar ó Sr. Soto Vivero como representante deste Concello no consello escolar do CPI San Sadurniño, e comunicar este acordo a ese centro coa brevidade posible.

URXENCIA. SEGUNDO.

Toma a palabra de seguido o Sr. López Loureiro, para propoñer a inclusión na Orde do Día doutro asunto urxente, unha moción rexistrada de entrada con data do 04/11/14, para a eliminación da violencia de xénero, explicando a súa urxencia porque o día 25 deste mes de novembro adícase a ese problema.

O Sr. Alcalde di que non hai problema por parte do seu grupo en aceptar a urxencia, que nunca se negaron a incluír por esta vía ningún punto, aínda que o normal é presentar estas propostas con tempo para a súa inclusión na Orde do Día.

Sometida de seguido a votación ordinaria a urxencia da moción, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda considerar a moción urxente, ordenado que se pase de seguido ó seu debate.

URXENCIA. SEGUNDO. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A ELIMINACION DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

O Sr. López Loureiro procede á lectura da moción de que se trata, que literalmente di:

“O Grupo Municipal Popular, conforme ao previsto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista constitúe o máis cruel expoñente da falta de igualdade na nosa sociedade e un dos ataques máis flagrantes aos dereitos fundamentais das persoas implicando un atentado contra o dereito á vida, á seguridade e á liberdade, á dignidade e á integridade física e psíquica das vítimas e, polo tanto, un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Compete aos poderes públicos a loita para a prevención e a erradicación da violencia de xénero, coa obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

Polo tanto, resulta fundamental coordinar todos os recursos dirixidos a sensibilizar a toda a sociedade na loita e prevención da violencia de xénero.

Tanto a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recoñecen o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, de prevención e erradicación da violencia de xénero, e para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social, e establecen que a Administración autonómica colaborará coas entidades locais para estes efectos.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de San Sadurniño eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- Instar ao Concello de San Sadurniño a constituir unha Mesa Local de Coordinación contra a Violencia de Xénero como un instrumento esencial e operativo de coordinación na loita contra a violencia machista.
- Instar á Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a apoiar a creación, activación e dinamización das Mesas Locais de Coordinación Contra a Violencia de Xénero a través da elaboración dun Regulamento de organización e funcionamento para acadar unha mellor coordinación interinstitucional, entre as Administracións central, autonómica e local.”

Interven brevemente o Sr. Márquez para manifestar a súa conformidade coa moción e con calquera iniciativa que poida contribuir a erradicar esta lacra que parece que non diminúe a pesar dos esforzos.

Toma a palabra de seguido a concelleira Sra. Breijo, para dicir que no II Plan de Igualdade de Oportunidades aprobado polo Concello e que se está a aplicar, prevíase a elaboración dun itinerario con esta mesma finalidade, que xa está en marcha neste momento, ademais de que xa hai actividades programadas nese ámbito para este mesmo mes de novembro, polo que entende que o traballo do grupo de goberno nesta materia está feito, e bota en falla algo de colaboración por parte da Xunta, para a aplicación deste Plan e para o traballo que regulamente se fai no CPI no ámbito da igualdade. Propón finalmente que se convoque unha xuntanza dos grupos para consensuar unha declaración institucional, solicitando ó grupo do PP a retirada da moción con esa finalidade.

O Sr. López Loureiro accede a retirar a moción, quedando acordada a realización da referida declaración institucional consensuada entre os grupos.

SÉTIMO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Márquez pregunta pola prestación do servizo de conexión a internet, indicando que a empresa titular do servizo está comunicando ós usuarios que o deixa de prestar o servizo, que foi posible gracias a un forte investimento de cartos públicos, e propoñendo outras formas de prestación máis custosas, polo que semella que o investimento que se fixo non resulta rendible.

O Sr. Alcalde resposta que a empresa que tiña a concesión administrativa o deixa porque o periodo contractual rematou, e que ademais os avances tecnolóxicos dende que se instalou a rede “wimax” deixaron obsoleta esa tecnoloxía, ademais de que ninguén quere xestionar esa rede cos prezos actualmente en aplicación. Por outra banda, neste momento a tecnoloxía de conexión por satélite está funcionando ben, aínda que cuns prezos algo superiores. Estudiarase cal pode ser o destino da rede instalada e tratarase de solucionar o tema para os arredor de vinte usuarios da rede antiga que aínda quedan, especialmente para os que son veciños de San Sadurniño.

Interven de seguido o Sr. López Loureiro para preguntar pola situación na que se atopa o tema do convenio coa Cooperativa de San Sadurniño para a cesión de terreos,

pasados case dous anos dende o remate do prazo indicado nese convenio, e tamén se se vai facer algo en relación coa proposta que formulou o exconcelleiro Sr. Gudín no turno de intervención do público tras varios plenos, de facer públicas as retribucións de todo o persoal do Concello.

O Sr. Alcalde comeza a súa resposta polo tema da cooperativa, indicando que o asunto está como hai dous anos, e que tras a inacción do goberno anterior, que non fixo desenvolvemento urbanístico para terreos destinados a equipamento, asinouse por este goberno o convenio que, gracias á altura de miras dos cooperativistas, permitiu facer o centro de día. Disolta a cooperativa, os seus tres liquidadores prantexan as peticións que consideran procedentes polo retraso na tramitación do PXOM, retraso non imputable ó goberno municipal, pois son poucos os concellos con planeamento actualizado, por culpa da Xunta. A resposta do Concello ás solicitudes dos liquidadores foi solicitar un aprazamento, en defensa do interese xeral e para concretar a forma de prantexar a indemnización procedente. Di que o espírito do convenio debe seguir vivo, polo que, diante da postura dos liquidadores, que tratan de obter o maior beneficio económico do asunto, o seu grupo, respaldado pola maioría absoluta que ten, defenderá os intereses públicos e tratará de prestar os servizos á cidadanía nas mellores condicións posibles e co menor custe para os veciños, mentres outros, se queren, poden defender os dereitos duns poucos. O Concello non pagará millón e medio de euros por unha finca que non o vale.

Polo referido á publicación do importe das retribucións do persoal municipal, o Sr. Alcalde di que por parte do seu grupo non hai inconvinte, e que, previo informe xurídico para determinar se é legalmente posible, a próxima semana publicaranse eses datos na páxina web do Concello.

Toma a palabra de seguido o Sr. Márquez para protestar polo feito de que o Alcalde lle esixira solicitude por escrito para poder acceder á documentación recentemente presentada no rexistro polos liquidadores da cooperativa. En relación co tema do convenio, lembra que el votou que si porque entendeu que era bo para o pobo, pero hai dous anos que rematou o prazo establecido nese texto para que se aprobase o Plan Xeral, polo que haberá algunha responsabilidade ó respecto, comezando pola súa. Di de seguido que el tamén está por defender os intereses do Concello, pero con responsabilidade e tratando de chegar a acordos para alomenos evitar o devengo de intereses de demora pola indemnización.

O Sr. Alcalde di que o día seguinte ó de remate do prazo, solicitou unha xuntanza cos representantes da cooperativa para debatir o asunto, solicitude que foi rexeitada polos liquidadores, polo que o seguinte paso debía ser a solicitude de indemnización; nese caso, o contido do PXOM, xa remitido á Xunta para informe previo á aprobación inicial e no que agora se está a introducir as modificacións requiridas nese trámite, non terá o contido indicado no convenio. En relación coa solicitude de documentación do Sr. Márquez, di que minto e que no regulamento orgánico do Concello xa se preve a procedemento para estas solicitudes, que o Sr. Márquez coñece, e que o que sucedeu foi que solicitou a documentación a última hora e pediuselle que o solicitase por escrito.

O Sr. Márquez di que o resultado foi un retraso na entrega da documentación que solicitaba, e que en calquera caso o convenio incumriuse e hai que ser conscientes do problema que iso supón.

O Sr. Alcalde insiste en que o seu grupo defende os intereses do Concello, e unha compensación xusta á cooperativa tras a sinatura de boa fe do convenio de que se trata, e excluindo tallantemente a posibilidade de que o importe da indemnización acade o millón e medio solicitado.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as trece horas, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,